

## **‘COPA GALICIA’ SENIOR MASCULINA**

### **PARTICIPANTES**

A disputarán, os dezaseis (16) equipos participantes nas diferentes categorías nacionais masculinas na tempada 2019/20. Os cales, divídense en doce (12) equipos de Primeira Nacional, tres (3) equipos de División de Honra Prata e un equipo participante da Liga Asobal.

### **FORMULA E DATAS DE COMPETICIÓN**

Esta competición levarase a cabo en tres (3) roldas, cos criterios que a continuación se detallan:

#### **1ª Rolda ou Oitavos de Final:**

Os catro (4) equipos das dúas categorías nacionais superiores serán cabezas de serie polo que irán por zonas diferentes do cadro de competición. Os doce (12) equipos de Primeira Nacional encadrados por sorteo público o día 30/07/2019 na sede da Federación Galega de Balonmán e retransmitido en directo vía Facebook.

Xogarase mediante o sistema de eliminatoria a partido único na sede do equipo de menor categoría ou peor clasificado na tempada 2018/19.

#### **2ª Rolda ou Cuartos de Final:**

A disputarán os oito (8) equipos vencedores da rolda de Oitavos que se enfrontarán mediante o sistema de eliminatoria a partido único na sede do equipo de menor categoría ou peor clasificado na tempada 2018/19.

#### **3ª Rolda ou Final Four:**

Disputarase na sede determinada pola FGBM.

**Semifinais:** A disputarán, os catro (4) equipos vencedores da rolda de Cuartos que se enfrontarán mediante o sistema de eliminatoria a partido único.

**Final:** A disputarán, os dous (2) equipos vencedores das Semifinais que se enfrontarán mediante o sistema de eliminatoria a partido único. Non se disputará o 3º e 4º posto.

### DATAS DE CELEBRACIÓN

A 1ª Rolda ou Oitavos de Final disputarase entre os días 12 e o 16 de Agosto de 2019 (Ambos incluídos)

A 2ª Rolda ou Cuartos de Final disputarase entre os días 19 e o 23 de Agosto de 2019 (Ambos incluídos)

A 3ª Rolda ou Final Four disputarase o 31 de Agosto de 2019 as Semifinais e o 01 de Setembro de 2019 a Final.

### CADRO DE COMPETICIÓN

COPA GALICIA						
1ª Rolda	2ª Rolda	Final Four			2ª Rolda	1ª Rolda
OITAVOS DE FINAL	CUARTOS DE FINAL	SEMIFINAL	FINAL	SEMIFINAL	CUARTOS DE FINAL	OITAVOS DE FINAL
FRIGORÍFICOS DO MORRAZO	GAÑADOR 1 OITAVOS	GAÑADOR 1 CUARTOS	GAÑADOR SEMIFINAL 1	GAÑADOR 3 CUARTOS	GAÑADOR 5 OITAVOS	CISNE COLEGIO LOS SAUCES
GRANITOS IBÉRICOS CARBALLAL	GAÑADOR 2 OITAVOS				GAÑADOR 6 OITAVOS	TEUCRO B COLEGIO SAN NARCISO
LUCEROS			GAÑADOR SEMIFINAL 2			CARNES DO RIBEIRO
CALVO XIRIA						BUEU ATL.
CONT. CASTRO UB. LAVADORES	GAÑADOR 3 OITAVOS	GAÑADOR 2 CUARTOS		GAÑADOR 4 CUARTOS	GAÑADOR 7 OITAVOS	EMBUTIDOS LALINENSE
RODOSA CHAPELA	GAÑADOR 4 OITAVOS		GAÑADOR 8 OITAVOS		OAR CORUÑA	
MAGOPE SEIS DO NADAL COIA					CAÑIZA SEAPLAST	
ACANOR ATLÉTICO NOVÁS						CONDES DE ALBAREI TEUCRO

**CRITERIOS DE SOLICITUDE PARA A ORGANIZACIÓN DA FINAL FOUR**

A continuación, se detallan os criterios que favorecen a obtención da organización da Final Four para as institucións, entidades e clubs interesados.

**Disposicións de Obrigado Cumprimento:**

- Os gastos de Arbitraje e Delegado/a Federativo/a correrán a cargo da entidade organizadora.
- Os gastos de Mesa con Cronometrador/a e Anotadora/a correrán a cargo da entidade organizadora.
- A entidade organizadora deberá costear os trofeos de 1º e 2º Clasificado (especificando a competición e a tempada (2019/20)).
- A entidade organizadora deberá asegurar a presenza de un delegado de Campo durante toda a Final Four.
- A entidade organizadora disporá de auga mineral embotellada na pista e vestiarios para os equipos, árbitros/as, Delegado/a Federativo/a, cronometrador/a e anotador/a.
- Realizar a publicidade da Final Four da Copa Galicia a disputar. Especificando sempre que a organización corresponde a FGBM e a o clube ou entidade na que delegou.
- A entidade organizadora terá a obriga de grabar e subir os encontros disputados nunha calidade óptima para o seu traslado a web, nun máximo de 3 días trala disputa do mesmo.

**Disposicións non Obrigatorias e puntuables:**

- Que un equipo da entidade participe na Final Four: +1 PUNTO
- Que a oferta hotelera aportada sexa de <30€ por persoa adulta. +3 PUNTOS
- Que se aporte un trofeo o mellor xogador da Final. +1 PUNTO
- Que se aporte un agasallo os árbitros, cronometrador/a, anotador/a e Delegado/a Federativo/a +1 PUNTO

**Prazo de solicitude para organizar a FINAL FOUR:**

- Do 12 ao 23 de Agosto de 2019.

### DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas normas específicas da COPA GALICIA MASCULINA complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.